

Nas actividades a realizar no “Verán cultural na UDC” do Campus de Elviña-A Coruña e no Campus de Esteiro-Ferrol, promovidos pola Universidade da Coruña (UDC) colaboran a empresa You First Language Centre SL e a Asociación Ecoloxista de Galicia ADEGA.

De acordo coa Lei orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos recollidos na inscrición resultan necesarios para a adxudicación de prazas e xestión das actividades. Os datos facilitados serán utilizados pola Universidade da Coruña polo tempo indispensable para o seu tratamento coa finalidade da xestión do procedemento. A persoa titular dos datos consinte expresamente a súa comunicación ás organizacións ou persoas directamente relacionadas coa prestación da actividade.

No curso destas actividades fotografaranse os rapaces e rapazas participantes para unha memoria explicativa das actividades. Estas fotografías posúen un carácter meramente pedagóxico e de uso interno. En cumprimento do establecido na precitada Lei orgánica, solicitamos o seu consentimento para a utilización destas fotografías na memoria das actividades. No caso de que vostede non outorgue o consentimento, o seu representado non sairá nas fotografías e prohibirase a súa divulgación e uso para outros fins que non sexan os establecidos nos parágrafos anteriores.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Universidade da Coruña. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o dito órgano, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo Universidade da Coruña, Secretaría Xeral, R/ Maestranza núm. 9, andar 2º, 15001 A Coruña ou a través dun correo electrónico a: [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

### **AUTORIZACIÓN FOTOGRÁFICA**

Eu, D/Dna....., con DNI....., en calidade de pai/nai/titor/titora de ....., inscrito/a no Verán cultural da UDC 2019 do Campus de Elviña-A Coruña ou no campus de Esteiro-Ferrol, xestionado pola UDC, ***Si outorgo/Non outorgo***, o meu consentimento para o uso interno das fotografías na memoria de actividades do campamento.

A Coruña/Ferrol, de de 2019

(sinatura)

### **AUTORIZACIÓN SAÍDAS**

Eu, D/Dna....., con DNI....., en calidade de pai/nai/titor/titora de ....., inscrito/a no Verán cultural da UDC 2019 do Campus de Elviña-A Coruña ou no campus de Esteiro-Ferrol, xestionado pola UDC, outorgo, xestionado pola Universidade da Coruña, ***dou a miña autorización/non dou a miña autorización***, para poder efectuar as saídas aos arredores da instalación contempladas na programación de actividades.

A Coruña/Ferrol, de de 2019

(sinatura)